



CIRCULAR INFORMATIVA 13/2026

RENOVACIÓN DA PÓLIZA DO SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL

Anualidade do 01.07.2026 a 30.06.2027

Subvencionada polo Colexio con 100.000 € por anualidade

A Xunta de Goberno do ICA Santiago, na sesión do 27.05.2026, tomou entre outros o acordo de renovar a póliza do seguro de responsabilidade civil coa aseguradora Allianz. Así mesmo, acordou manter a subvención do colexio a esta póliza de 100.000 euros por anualidade.

Para esta próxima anualidade (01.07.2026 a 30.06.2027) acadouse unha rebaixa do 10 % na prima, isto é, unha prima anual aproximada por colexiado de 310 euros. A esta cantidade deberá descontarse a subvención do colexio, que é duns 150 euros (aprox.) por colexiado asegurado ao ano.

Condicións da póliza:

- **Aseguradora: Allianz (corretoría Aon)**
- **Límite asegurado: 450.000 €**
- **Prima anual: 310 € anuais por colexiado/a asegurado/a, dos cales o colexio pagará 150 € aprox.**
- **Consulta da póliza:** A póliza está ao dispor das colexiadas e colexiados na web do colexio.
- **Subvención do Colexio:** Como nos anteriores exercicios, o Colexio subvenciona esta póliza con 100.000 euros por anualidade, importe que se repartirá entre todos os colexiados e colexiadas aseguradas.
A prima final resultante (unha vez aplicada a subvención) cobrarase en dous prazos (por semestres).
- **Franquía. Establécese unha franquía gradual:**
 - 500 € os dous primeiros sinistros/anualidade
 - 1.500 € terceiro sinistro e seguintes
- **Solicitudes de BAIXA: deben solicitarse antes do 18.06.2026 (ás 14.00 h)**

Os colexiados que figuran de alta na póliza da anualidade anterior e non teñan interese na súa renovación **deberán solicitar a súa baixa expresamente por escrito** e remitila á secretaría deste colexio **antes do 18 de xuño ás 14.00 h**. O escrito da baixa deberá asinarse dixitalmente e poderá remitirse, co asunto “Baixa póliza SRC”, ao seguinte correo electrónico: contabilidade@icasantiago.org.

Os colexiados que durante a última anualidade **causaron baixa no Colexio** e aínda figuran de alta nesta póliza serán dados de baixa automaticamente o día 30.06.2026.



CIRCULAR INFORMATIVA 13/2026

No caso dos colexiados exercentes asegurados que durante a última anualidade **pasaron á situación de colexiados non exercentes**, seguirán dados de alta na póliza se non solicitan a súa baixa expresa antes do 18.06.2026.

— **Solicitudes de ALTA (só novas altas)**

Os colexiados **que aínda non figuran de alta** (novas altas) dispoñen tamén dun prazo **ata o 18 de xuño ás 14.00 h** para solicitar por escrito a súa incorporación á dita póliza, que terá efectos a partir do 01.07.2026. As solicitudes deberán enviarse debidamente asinadas, co asunto “Alta póliza SRC”, ao correo electrónico: contabilidade@icasantiago.org.

Os colexiados **que xa figuran dados de alta** na póliza anterior pasarán **automaticamente** á nova, **salvo que comuniquen a súa baixa por escrito antes do 18 de xuño ás 14.00 h**.

— **Obrigatoriedade**

Lembrámosvos que esta póliza do seguro de responsabilidade civil (ou outra similar contratada de forma particular) só é obrigatoria para os letrados que figuran de alta no servizo de asistencia a persoas detidas, na quenda de oficio e nos servizos de mediación deste colexio.

— **Ampliacións ou segundas capas**

Os colexiados asegurados que teñan contratadas de forma particular ampliacións de cobertura ou segundas capas serán contactados polo mediador Aon para negociar a renovación das ditas ampliacións.

Se se desexa contratar segundas capas de ampliación de cobertura, poderase solicitar na secretaría do colexio o formulario e o cadro das tarifas correspondentes.

Para resolver calquera dúbida ou ampliar a información, poderase contactar coa secretaría técnica do colexio (Manuel Arza).